



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Literatura Inglesa (XVI-XVII)	Código	613G03021	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoxía Inglesa			
Coordinación	Gomez Blanco, Carlos Juan	Correo electrónico	carlos.gomez@udc.es	
Profesorado	Gomez Blanco, Carlos Juan	Correo electrónico	carlos.gomez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Análise da literatura inglesa dos seculos XVI e XVII, desde a época isabelina á Restauración.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A8	Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua inglesa.
A17	Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación



Coñecer aproximacións á literatura distintas e saber aplicarlas.	A1 A2 A3 A6	B3 B5 B6 B7 B8	C2 C6 C7 C8
- Mellorar a competencia literaria, a capacidade de análise e síntese, e a visión crítica.	A1 A2 A14 A15	B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C2 C4 C6 C8
- Coñecer a historia e a cultura de Gran Bretaña e Irlanda.	A1 A2 A6 A15 A16 A17	B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C2 C4 C5 C6 C7 C8
- Ser capaz de elaborar ensaios e exponelos oralmente en lingua inglesa.	A1 A2 A6 A8 A16	B1 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C2 C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Elementos básicos ou xerais do programa 1. Introducción: Sociedade, cultura, política e literatura desde a Idade Media ata o século XVII. 1.1 Periodos isabelino e xacobeo 1.2. A Restauración	Do renacemento á Ilustración. Datos históricos (política e a corte, relixión, a creación dun imperio en expansión, a aparición dos partidos políticos, a caída dos Estuardo) e evolución das clases sociais. Individualismo e mercantilismo. O contrato social.
2. Orixe do teatro	Teatro sacro e pagano. Sistema de produción nos miracle plays, etc.
3. Teatro na época de Isabel I e Xaime I. 3.1: sistemas de produción: teatros, compañías, público 3.2. O drama previo a Shakespeare: Kyd e Marlowe 3.3. Shakespeare 3.4. Ben Jonson	Obras de lectura obrigatoria: 3.3 Shakespeare. The Merchant of Venice Twelfth Night. Othello Macbeth 3.4 Ben Jonson. Volpone
4. Teatro da época carolina 4.1. Middleton y Dekker 4.2 Webster	Obra de lectura obrigatoria: 4.2 John Webster. The Duchess of Malfi



5.A Restauración, 1660-1700 5.1 Sistema de produción teatral: escenografía e actrices. 5.2 Ensaio de Dryden 5.3 Os grandes comediógrafos 5.4 Wycherley 5.5. Congreve	Obras de lectura obrigatoria: 5.4 William Wycherley. The Country Wife 5.5 William Congreve. The Way of the World
6. Aspectos básicos da poesía dos séculos XVI e XVII: Shakespeare, Donne, Dryden e Milton	Sonetos, poesía metafísica, neoclasicismo, Paradise Lost. Fotocopias na clase únicamente.
7. Aspectos básicos da prosa do XVII: Behn e Congreve.	O orixe da novela inglesa: a picaresca e os romances. Fotocopias na clase únicamente.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	21	8	29
Lecturas	0	60	60
Seminario	2	6	8
Proba obxectiva	2	4	6
Análise de fontes documentais	6	10	16
Presentación oral	8	5	13
Proba de resposta múltiple	1	2	3
Discusión dirixida	2	10	12
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O profesor exporá os contidos teóricos relativos á literatura inglesa dos séculos XVI ao XVII, tendo en conta o contexto sociocultural. O obxectivo é proporcionar coñecementos xerais (datos históricos relevantes, sistema de produción, autores, obras e xéneros literarios máis representativos). Os textos de lectura obrigatoria terán unha presenza parcial nestas sesións, pois o profesor comentará autores (por exemplo, Marlowe, Donne ou Behn) e textos (por exemplo, sonetos de Shakespeare ou o ensaio sobre poesía dramática de Dryden) mediante fotocopias ou proxeccións.
Lecturas	A lectura das fontes primarias é fundamentalmente traballo fora das clases, pois na clase a lectura tornase en comentario de texto realmente.
Seminario	Os seminarios cos grupos medios centraranse no coñecemento da literatura inglesa dos séculos XVI e o XVII, pero os textos de lectura obrigatoria serán o núcleo, e a participación dos alumnos será esencial.
Proba obxectiva	Haberá un exame final oficial escrito iobrigatorio (1ª oportunidade) que representará o 50 por cento da nota final e que consistirá na elaboración, perante un tempo determinado, dun ensaio académico ou comentario de texto sobre algunha(s) das oito lecturas, mais unha pregunta breve sobre datos dos seminarios e lección maxistrais. O alumno debe obter unha nota mínima total de 4 sobre 10 (en realidade, 2 sobre 5) para facer media.
Análise de fontes documentais	Comentarios de texto (das fontes primarias obrigatorias) feitos nos grupos pequenos ou medianos.
Presentación oral	Cada alumno deberá facer unha presentación oral dun traballo tutelado durante o curso. O tema será un aspecto moi concreto dun dos 8 textos obrigatorios. A elección do mesmo farase entre os alumnos e ou profesor. Será breve (7 minutos) e integrarase con unha discusión dirixida posterior. Esta sí que é unha actividade que o alumno ten que preparar fora da aula. Valdrá un 10% da avaliación. Cando o alumno/a, por circunstancias varias, non poda facela, sempre poderá entregar o traballo por escrito antes de 11 de xaneiro.



Proba de resposta múltiple	Durante o curso, en datas prefixadas, haberá 4 tests de preguntas específicas sobre as lecturas obxecto de estudo, para comprobar e incentivar a lectura continua. É unha actividade fora da clase realmente, pois o alumno simplemente ten que ler as fontes e membrar as historias. Un test de 15 minutos cada dúas lecturas obrigatorias. Cada test valdrá 0,5 puntos: dous puntos en total ou 20% da validación.
Discusión dirixida	Se debatirán aspectos das obras do corpus nas clases de grupos pequenos. As veces, se é posible, se integrarán co exposición oral de 5 ou 6 alumnos (40 minutos).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Seminario Análise de fontes documentais	Supervisarase ao alumnado nas súas tarefas de comentario de textos ou presentacións, e recomendarase que cada estudante utilice as horas de titorías para afondar en cuestións relativas á materia para a solución de problemas.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	4 tests de lectura das obras obrigatorias. 2 puntos sobre 10 (0.50 por test).	20
Presentación oral	O alumno preparará e exporá un aspecto concreto nun tempo máximo de 7 minutos. Cando o alumno/a, por circunstancias varias, non poida facela, sempre poderá entregar o traballo por escrito antes de 11 de xaneiro para que a actividade compute na avaliación da primeira oportunidade. 1 punto sobre 10.	10
Discusión dirixida	Debate na clase sobre temas concretos ou tras a presentación oral de cinco ou seis compañeiros. Terase en conta a presenza e a participación, e recorellanse notas tomadas polos alumnos durante o debate de cando en vez. A puntuación estará integrada no apartado de asistencia antes mencionado.	0
Proba obxectiva	Exame final: ensaio académico e/ou comentario de texto mais unha pregunta breve sobre datos transmitidos nas leccións maxistras e seminarios (50%; é dicir, 5 puntos sobre 10). OBSERVACIÓN: a nota mínima para facer media co resto é de 2 sobre 5 (4 sobre 10)	50
Análise de fontes documentais	Comentarios de textos feitos nas clases. Recorellanse uns poucos durante o curso. 1.5 puntos.	15
Sesión maxistral	Asistencia activa. O alumno/a deberá asistir a un mínimo de 15 sesións para ser calificado con 0.5 p. Follas de firmas. Tamén será necesaria a participación activa nos grupos medios e pequenos.	5
Outros		

Observacións avaliación



Valorarase a actitude activa e participativa dos alumnos nos debates, e non só a presenza na clase.

OBSERVACIÓNS IMPORTANTES:

A nota mínima do exame ou proba obxectiva para facer media co resto é de 2 sobre 5 (equivalente a 4 sobre 10).

Tamén para a avaliación continua da primeira oportunidade, é necesario que o alumno/a obteña 2 puntos como mínimo (2 de 5) entre o traballo/exposición oral, tests, comentarios de texto e asistencia activa.

As 4 probas de resposta múltiple faranse durante o curso, e ocuparán uns minutos da sesión maxistral dese día.

As faltas de expresión graves (non de estilo) en lingua inglesa mermarán a nota en calquera actividade. Polo tanto recoméndase aos alumnos/as que se esmeren na redacción e a revisen.

Non se permitirán plaxios de fontes escritas ou dixitais nos exames ou traballos. Os alumnos deben adquirir competencia literaria propia en certa medida, aínda que é lóxico, e polo tanto perdoable, que os comentarios e interpretacións do profesor subexistan tras dita competencia.

Cando o alumno/a, por circunstancias varias (enfermedade, festivos, etc), non poida facer a exposición oral, sempre poderá entregar o traballo por escrito antes de 11 de xaneiro para que a actividade compute na "primeira oportunidade".

A avaliación na oportunidade de xullo dividirase do xeito seguinte: 50% exame final + 50% actividades que substituirán o traballo feito durante a avaliación continua e que se especificarán ao publicar as notas da primeira oportunidade.

Os alumnos que asistan e participen durante o curso na avaliación continua non poderán ser considerados como non presentados a partir da realización dun 50 % das actividades.

Os alumnos a tempo parcial con dispensa deberán falar co profesor durante as dúas primeiras semanas para buscar alternativas á avaliación continua na primeira oportunidade (o 40 % da asignatura corresponde a traballo feito nas clases, e un 10% corresponde ó traballo tutelado).

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Literatura Inglesa 1/613G03010

Literatura Inglesa 2/613G03017

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías